Sumario

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA 2012-2013

Alumnos/as:

Sara Bugallo. 1º BAC. A
Cinthia Romero. 1º BAC. C

Profesores/as:

Francisco Blanco Alcaide
María Enriqueta Picón Romero
Rosario Tubío Fajardo
Ana Isabel Urbieta Balado
Manuel Villar Suárez
José Manuel Rivas Pérez

Persoal non docente:

Antón Riveiro Coello

Coordinadora:

Mª Isabel Ventoso Millet

Fardel das palabras 2

Non é un adeus, é un ata logo
A Residencia
Relato
Soñadores

Letras Galegas 14

Roberto Vidal Bolaño
Memoria Centenaria
O Pazo de Goiáns
Proxecto Etwinning
Concurso debuxo

Comenius 33

Club de lectura de Biblioteca 35

Kafka e a boneca viaxeira
O principiño
Nubes de evolución
O corazón de Xúpiter
O vixía entre o centeo
A cea
Os fillos do mar

Sumario

Non é un adeus, é un ata logo

Cinthia Romero Muñiz 1º BACH C

Arroupada na cama, as bágoas escorrendo pola almofada sen ter piedade de min, o tempo pasaba, e eu seguía alí, sen apenas moverme, sentindo como aquilo xa acabara comigo, como todo perdía o sentido agora que non che tiña, sentía o meu peito afogado entre gritos de dor que parecían esnaquizar a miña gorxa. E foron días os que me quedei alí sen máis alimento ca os meus pensamentos que cos días comezaban a ser peores, e cada un feríame máis ca o anterior. Moitos foron os que petaron na miña porta e tentaron rescatarme daquela loucura, os máis deles marchaban, rendéndose, xa que ningunha persoa sería tan agarimosa coma ti, xa ninguén sería tan paciente, por que che perdera, e iso non ía cambiar, ese futuro que xogamos a imaxinarnos, esas pinceladas que pintabamos no aire deixando os soños voar xa non volverían, marchaban como as anduriñas do poema de Béquer, morrían na liña do horizonte.

Quizais podía superar aquilo? Mais sen ti non tiña máis axuda ca a das miñas forzas, que nunca foran nada, eu sempre fora débil, pero o teu carón sentíame a máis forte, por que te fuches? Por que me deixaches aquí, soa, destrozada, a túa marcha quitárame as forzas para respirar, pero xa non podía facer nada, e iso volvíame tola. Recordaba todos os nosos momentos, as celebracións, as bágoas, a dor que contigo se facía menos pesada, todos aqueles soños tolos meus polos que ti apostaras cando ninguén o fixera, aqueles bicos que me facían durmir segura, resgardada das pantasmas que sempre me perseguiran na infancia, cando calada e agochada entre as sabas tentaba vencer o medo que se me metía no corpo e me facía suar pola caluga, moitos anos resistín aquel medo, ata qur non puiden soportalo máis e, como unha meniña medorenta comecei a gritar por ti, e acudiches, e salvachesme daquel inferno que me acosaba a cada momento e permanecía na miña cabeza. E desde entón durmía ao teu carón ben a salvo entre aloumiños e palabras que calmaban o meu medo. Tanto che tiña que agradecer e agora non podía, todos os recordos tentaban escaparse da miña mente, mais eu non quería, necesitaba recordalo todo, manterche na miña memoria, se puidese para sempre por que endexamais quería perderche na miña memoria, xa me chegara con perderche na realidade... Cantas noites chorei a túa falta, sen entender por que me pasara isto, sen saber por

que te foras, sen deixarme despedir sequera, tantas cousas houbera desexaría dicirche antes da túa marcha, un derradeiro bico, un derradeiro aloumiño deses que de nena calmaban todos os meus pesadelos, daríao todo agora por recuperar aquilo. Mais nada, esperaba na escuridade a espera de que ante os meus gritos entraras asustada a aloumiñarme pero non ía pasar, e esa idea era a que máis me custaba asimilar. Por que cada vez que o intentaba apoderábase de min unha onda de impotencia e tristura que xamais sentira, aínda que moitos anos estivera enferma, tola de todo, depresiva, ti seguiras canda min, ao meu carón. Mais isto non era comparable a toda a dor que sentía coa túa perda.



Séndoche sincera, non sei cantos anos pasaron ata que te fun ver, tragando toda a dor que tiña no meu peito achegeuime ata alí, aquela paraxe ao que viaxei para verte, era inhóspito e metíame o medo no corpo pero alí estaba, co ánimo esnaquizado pero recomposto cerca da túa lápida, cerca da imaxe que algunha vez foras ti, tan fermosa, tan sosegada, tan fresca e tan sorrinte, e o único que eu podía facer agora era derrubarme ante aquel anaco de pedra que me recordaba o teu fin, quedei chorando un anaco, e deixei as flores perto do teu nome, tan ben gravado na pedra, impoluto coma ti sempre foras, deixei xunto das flores unha fotografía das nosas, nunha tarde de verán no balcón que mantiña verde na casa de Taragoña eu cunhas gafas de sol túas que me ían grandes e os teus tacóns de domingo, peiteándoche o pelo facendo que era unha estilista, canto riramos aquel día e era gracioso... Por que o recordaba coma se fose onte... Canto tempo perdera desde que me fora estudar fóra para recordarche o marabillosa que eras... Cantas chamadas puiden ter feito e non fixen, mais agora pasábanme factura...

Ilustración: José Vicente Moledo

Coas bágoas nos ollos toquei o teu nome e nun murmurio díxenche todo aquilo que quixera dicirche antes, mamá: "Dende nena tívenlle medo a moitos monstros, e imaxinaba a moitos superheroes da televisión vindo e rescantándome daquilo, endexamais me din de conta nese tempo, que sempre tivera a maior das heroínas canda min, e eras ti, sempre foras ti, a máis forte. E agora tocábame ser a min forte polas dúas mamá, e recordareiche sempre, por que quizais che perdera, pero o teu recordo seguía estando no meu corazón e sempre o estaría, agora con ese recordo dos teus aloumiños, podería eu ser forte e non temer máis aos meus monstros, e sei que ti me agasallarás co teu sorriso cada noite cando soñe, por que a realidade é fría, mais no mundo dos soños todo se pode imaxinar, e iso aprendérao grazas a ti."

Ahinara Navarro Calo 2ºESO A

A Residencia

Dúas e dez. Soa o timbre. Nese momento todas as aulas do IES estoupan.

-A que hora quedamos hoxe?
-Chámoche para que veñas á miña casa?
-Vou ás pistas de fútbol as catro e media, quen se apunta?

Todas esas charlas xa non importaban nada para Helena. Ela, coma cada día dende hai dous anos, deslizouse furtivamente pola porta sen que ninguén se dese conta. Realmente a Helena tampouco lle importaban as charlas superfluas que acontecían alí. Agora, ela tiña cousas moito máis importantes fóra. Era unha moi boa estudante, desde sempre, e iso era xa o único que lle importaba daquel lugar. O seu verdadeiro mundo non era aquel. Había máis de dous anos que toda a súa existencia cambiara. As súas amigas de sempre pasábano fatal por ela, pero non sabían que lle podía pasar porque Helena xa non falaba con ninguén.

Naquel intre sentiu que xa nada tiña sentido, e así estivo máis de dous anos, pero un bo día todo cambiou, e agora empezaba a ver todo con máis claridade. No seu corazón había un oco enorme que nunca o enchería, e seguiría así eternamente, pero por fin, a súa vida tiña un porqué.

Recordaba perfectamente aquela tarde de agosto hai xa seis meses atrás, cando viu aquel anuncio na parada do autobús. Aquel pedazo de papel obrou o milagre, foi o " click" que lle fixo cambiar o "chip".

Hoxe, luns, tocaba coa viúva Rodríguez. Era coa que máis lle gustaba estar porque ela si que a comprendía, ademais, recordáballe a alguén moi especial. Os martes, axudaba ó matrimonio máis simpático que coñecía alí. Sería, coma sempre, unha tarde interesante. Gustáballe escoitar os seus contos a media tarde. O resto da semana estaba sempre con distinta xente, pero de todos sacaba algo positivo, mentres eles tamén o obtiñan dela. Era unha perfecta simbiose da que Helena sentía obter moito máis do que ofrecía. Sabía que estaba axudando moito, pero o beneficio

para ela era tal que se atrevería a dicir que só recibía, pois dar, non lle custaba nada. Facíao de tan boa gana ... Alí sentíase feliz.

Dende a morte da súa avoa, hai dous anos, Helena cambiara; xa non era esa cativa sociable. Súa nai facía todo o que estaba na súa man para que volvese a ser a de antes, pero podíase dicir que se negaba. Helena converteuse nunha rapaza tímida e insegura, non falaba con ninguén e xa non quedaba coas amigas de sempre que tanto a querían e sufrían por ela.

Aínda que non o aparentaba, neses seis meses, notou un cambio na súa forma de ser dende que ía pasar as tardes cos anciáns. Ninguén a coñecía tanto coma eles. Iso si, cando saía de alí xa volvía ser a rapaza tímida na que se convertera, esa esquiva coa xente e que non falaba con ninguén máis do preciso para ser amable.

Pero agora podía sentir, aínda que doutro xeito algo parecido a aqueles momentos inesquecibles que tanto encheran a súa vida cando súa avoa vivía. Nese lugar e con esa xente sentíase especial, ao igual que coa súa avoa. Adoraba esa sensación.

Só lle importaba que aqueles anciáns, ós que podía contar como seus novos amigos, estivesen sans e o pasasen ben, e por enriba de todo, que ningún se sentira só nin triste, polo menos en canto ela o puidera evitar.

Á Sra. Rodríguez podía contarlle todos os seus segredos, eran coma dúas mellores amigas. E ante calquera dificultade, alí estaba esa señora para axudala. Non permitía que ninguén lle fixese mal. Con ela sentíase feliz, pero era a persoa coa que, nalgúns momentos de fraqueza tamén se sentía máis triste porque lle recordaba sen medida ese alguén especial, súa avoa.

Helena sempre se sentira especial coa súa avoa, porque dende que tiña uso de razón, as dúas tiveran “feeling”. Tiñan o seu sitio especial onde pasaban a maioría do

Ilustración: Andrea Davila

seu tempo, aínda que tamén lle gustaba cando lle facía cóxegas ou se sentaban a falar no pequeno miradoiro que tiñan no xardín. Prefería pasar o seu tempo coa súa avoa antes que quedar cos seus compañeiros de clase ou ir cos seus pais de vacacións, pero cando estaban xuntas tiña tempo para todo. Facían unha chea de cousas e entendíanse coma ninguén. Cando ela se foi todo se derrubou. Non lle importaba non ver as súas amigas nin estar soa todo o ano.

Pero grazas ás visitas á residencia, co paso do tempo, Helena foi volveu a coller confianza en si mesma. Xa non pasaba soa as tardes e volvía a estar integrada no seu grupo. Agora formaba parte del outra vez. De novo era unha máis na clase. Compaxinaba o horario para ir á residencia co tempo que tiña libre para pasar coas súas amigas. Esa rapaza tímida e insegura pasou a ser,de novo, unha rapaza moi solicitada, querida e admirada por todos.

E pasados uns meses ...

Dúas e dez. Soa o timbre.
-A que hora quedamos hoxe Helena?
-Imos hoxe á residencia nos as tres, non?
-Helena, tes plans para hoxe?

E agora, con cada cambio de estación, na residencia Helena e o seu grupo facían unha obra para animar ós anciáns que Helena tanto axudara anteriormente.

Relato

Sara Bugallo 1ºBac A

Amor? Cada un ten a súa percepción deste estraño suceso. Algo que poucos poden explicar e que moitos comparten, uns négano e outros pasan os seus día afirmándoo. Eu non quería crer no amor porque chegara á conclusión de que só fai dano, pero era porque aínda nunca soubera o que era que che gustara alguén de verdade. Todo comezou hai moito tempo xa van alá case dous anos cando sen buscalo, a miña vida cambiou. Eu por unha parte desexaba que todo fose distinto e así foi, pero non crin nunca na posibilidade de que quen cambiara fora eu.

O lugar protagonista da miña historia é un lugar corrente onde non te imaxinas estar, hai veces nas que nos atopamos en lugares nos que non encaixamos ou nos que non nos sentimos a gusto, iso superficialmente, porque por outra parte tamén pensas na sensación de sentirse distinto con algo novo, na sensación de non vivir nunha rutina, coma se non foses ti mesmo, ou coma se quixeses ser ti mesmo de verdade.

Eu aínda hoxe non son quen de explicar como me sinto pero aínda que non encaixaba, quixen encaixar máis que nunca. Sentía que non era eu e ao mesmo tempo, era eu por encima de todo. Si, podo afirmar que isto me cambiou e que aínda hoxe en día lle dou voltas a aquilo, pero ao que non esquezo e ao mozo dono de dous ollos grandes e profundos acompañados dun sorriso que aínda hoxe me fai soñar. A escena perfecta a verdade, senón fora porque eu xa empecei metendo a pata, el miroume dende o lonxe, despois contaríame que se me mirou foi porque non paraba de sorrir, pero antes disto, está o noso cruzar de miradas e como cando el me sorriu eu sorrín. Fíxome un xesto coa man de que me achegara a el, pero eu non crin que fose por min, entón virei a cabeza buscando a dona ou dono ao que pertencía o sorriso daquel mozo. Acabei por ir xunta del e preguntarlle se de verdade ía por min, el díxome que si, que me vira alí tímida e calada pero cun sorriso constante que lle chamara a atención. Falamos durante moito tempo e souben entón que tiña algo que non tiña ninguén, tratoume coma se de toda a vida me coñecese, fíxome sorrir porque dicía que tiña un sorriso admirable, coñecín moito del e souben que ante todo era moi humilde, xa que para el, estar ben cos seus era o máis importante.

Fíxome sentir tan ben que dalgunha forma me cambiou, aínda agora mentres escribo isto non son capaz de crelo. Como se pode ter tanta sorte, como se pode sentir que con alguén o tes todo, estiven con el, pero non o suficiente penso, despois só me quedou pensalo. Asegureime a min mesma que hai que quedarse co bo e que as veces non hai que perseguir un imposible, senón facer dun momento o mellor do mundo e despois quedarse con que non pasou nada malo, así fixen, ou así quería facer. Pero algo moi forte, algo moi valioso, algo ao que lle fago caso me dixo que seguira para diante, si, tiven o corazón a mil pensando en cada intre que pasara, repetíndome cada verba que el dixera, dubidei moito, dubidei como nunca dubidara pero sobretodo sorrín como nunca sorrira, vin as cousas doutra forma, deime conta de que deixara de ser eu mesma, de que cousas que eran parte do día a día do miña vida, non resultaban tan importantes coma eu pensaba, de que cousas que se dicían cousas as que pensaba que valoraba, xa non cobraban importancia, xa só buscaba estar ben, xa só pensaba nel.

Era o meu día a día, era a miña fortaleza para non renderme e seguir adiante, era o meu recordo, o meu amuleto, un ben prezado, un agasallo da vida, unha corda nun precipicio, un salvavidas no medio do mar, era parte de min xa, aprendera moito del como persoa, a súa visión da vida, a súa forma de seguir adiante cada día, a súa maneira de telo todo sen telo nada. Eu non quería querelo, non quería sufrir, un bo recordo vale, pero tamén coñecía a palabra imposible.

Creo nas casualidades? Por suposto, sobretodo cando el é o protagonista. Baixar pola rúa pola que sempre pasas e dalgunha forma sen que o imaxines alí está el cuns amigos, vete e ven cara ti co seu peculiar e característico sorriso, míralo como se pasasen anos que non o viras, non es quen de falar, só podes dicirte para ti mesma que non es quen de crer o que estás sentindo nese intre. Que os imposible faino el posible. Dende aquela vez, volvemos vernos moitas veces máis, cruzabámonos por nada e pasabamos horas e horas falando, sempre nos diciamos cousas súper bonitas, sempre nos mirabamos como se puidésemos analizarnos un ao outro, coñeciámonos como se toda a vida estiveramos xuntos, pero a pesar de todo iso eu non cría nun querer máis alá de aprezo. Despois da nosa última vez xuntas pasou moito tempo, pero pode que fose así a maneira de que nos désemos conta de se nos importabamos tanto o un ao outro, eu penso que si porque non esquecerei aquel día no que a casualidade acabou provocando un bico, eu quería estar contigo e ti querías

animarme. Ti pensabas que eu estaba mal que aquel primeiro sorriso que coñeceras xa non era o mesmo hoxe en día, pero se era así, fora porque na distancia aquel sorriso te botara de menos. Non sei porque se desencadeou aquel bico só sei que intres antes me miraches profundamente ao ollos. Teño a sospeita de que sabías que eu morría polas ganas de roubarche un bico.

Miráchesme de novo e co teu sorriso provocáchesme un a min, acto seguido aseguráchesme que aquel volvía a ser o sorriso polo que hai tanto tempo eu che chamara a atención. Preguntáchesme se algunha vez me pasara iso de non poder esquecerse de alguén, de vivir o día a día sen esa persoa, levándoa en cada recuncho de ti, eu non sabía que dicir, parecía que me estabas a ler a mente de novo. Non dixen nada, penso que non fixo falta, abrazáchesme e non podo pensar en que pode haber algo máis perfecto. O que aquel día aconteceu, aínda non son quen de explicalo.

Pero o bo non dura para sempre, de novo nos separamos, aínda hoxe se fai longo non terte no meu día a día, conservo aquilo que contigo vivín lévoo en cada parte de min. Pero dunha cousa estou segura e é que cambiei para mellor, que vexo o mundo que me rodea doutra forma, que aprendín moito de ti e do que de verdade importa.

Hoxe rememórote porque sei que ti me fixeches máis forte, porque sei que contigo puiden crer de novo. Apareciches no meu pasado, vives en cada momento do meu presente e busco que protagonices o meu futuro. Porque sei que agora non é

Ilustración: María Romero

o momento de que esteamos xuntos pero non vou deixar de loitar por ti, porque se de algo estou segura é de que non son quen de recordarte sen un sorriso, moitos din que o separarse ou o non estar con alguén causa tristura, pero contigo a min iso non me pasa, non é porque non te bote de menos, que iso por facer fágoo a cada segundo, senón que non me pos triste xa que todo o que vivín contigo foron bos momentos, momentos que aínda que non vivo día a día están aí, e só pensar que os mellorarás cando volvamos a estar xuntos, éncheme de ledicia, faime nacer de novo.

A sensación de non poder deixar de pensar nunha persoa, sorrir cada vez que algo che recorda a ela, facer cousas que non farías nunca, non querer deixar de loitar por moi difícil que sexa ao que aspiras, sentirte diferente cando estás con esa persoa, querer estar sempre ao seu carón, querela tal e como é, e recordar segundo a segundo cada unha das súas verbas... pra min iso é amor.

Agora podo dicir que de verdade sei o que é querer, e sei que a posibilidade de que che fagan dano sempre estivo aí, pero só pensar na sensación tan inexplicable que produce en min, faime ver máis alá de que o amor teña unha definición boa ou mala.

Soñadores

Maitane Dacosta Urbieta 1ºBach C

Nunha mañá fría de outono o Sol escintilaba sobre os cristais dos edificios da cidade 451. Neste lugar monótono e gris tódolos habitantes se afanaban na súa rutina: todos agás un. Na zona leste unha rapaza preparábase para cometer un grave delito. Xa vestira o uniforme regulamentario e collera as lentes escuras modificadas por ela. Montou no coche rumbo ao seu destino: un descampado. Nada máis chegar, deitouse no chan, cubriuse con terra e esperou. Ao cabo de media hora viuna: unha eclipse de sol anular, fermosa, arrepiante. Cando se dispoñía a marchar sorprendeuna a policía.

-Quedas detida por realizar actividades ilegais. Desta non te libras de asistir á terapia polo menos durante un mes.

***

-Bos días, chámome Berenice. Estou aquí por contemplar unha eclipse de sol – confesou coa vista alta.

-Grazas por compartilo con nós Berenice, alguén máis?

-Vestín roupa de cores no canto do uniforme regulamentario. Denunciáronme por escándalo público. Lembro nidiamente como as nais lles tapaban os ollos aos seus fillos con horror e indignación – contou Randolph tristeiro.

-Que vos parece aos demais o comportamento de Berenice e Randolph? Está ben perder o tempo sen facer nada? É correcto tentar ser diferente?

-Mal feito Berenice, a eclipse gravouse e podes acceder a esas imaxes en calquera momento - explicou Marcia que progresaba con rapidez na terapia.

-Querías chamar a atención, Randolph, e así só consegues danar os demais– interveu Charles case listo para reintegrarse á vida normal.

A terapeuta mirou o reloxo con alivio.

-Podedes marchar. Vémonos mañá. Só vos quero facer unha pregunta: que cidades vos gustaría visitar?

- Kadath! - berrou Randolph.

- Poltarnees a cidade que mira ao mar!- engadiu Marcia.

-Ulthar a cidade dos gatos! - exclamou Berenice
-Bethmoora – murmurou Charles
-Parade! Fáiseme tarde.

Cada vez chegabanlle casos máis difíciles. Colleu o abrigo, saíu á rúa, moi transitada a aquela hora. A xente que camiñaba non levantaba a vista dos teléfonos móbiles, centos de rostros iluminados cunha luz pálida comprobaban con expresión extasiada as novas nas súas redes sociais. Só unha voz a saudaba. Era Randolph. gritando o seu nome naquel mar de ovellas dixitais e asubiando a melodía de "Dreamer" de Supertramp. Daquela a terapeuta comprendeu. Aquelas cidades imaxinadas por soñadores doutras épocas simbolizaban para os seus pacientes a liberdade para soñar.

Ilustración: Andrea Davila

Roberto Vidal Bolaño

Ahinara Navarro Calo 2º ESO A

Roberto Vidal naceu en Santiago de Compostela en 1950 e faleceu na mesma cidade en 2002. Formou parte do denominado "Grupo Abrente" que, a partir dos 70, renovou e actualizou tanto a escrita como as representacións dramáticas galegas. Todas as súas actividades xiraron sempre, e en exclusiva, arredor do teatro: desde a creación do Grupo Antroido (1975), até a súa compañía actual "Teatro do Aquí", pasando pola breve experiencia da cooperativa "Teatro do Estaribel".

A súa produción está caracterizada:

1. Polo compromiso co país e ca lingua.
2. Coa experimentación estética.
3. Co diálogo coa tradición: culta, popular, literaria, histórica, social e política.

O feito de que Vidal Bolaño escribise para a súa compañía, coa urxencia que esixe a obrigada estrea anual e a atención adicada ó texto espectacular, non empezou en absoluto a calidade literaria dos seus textos dramáticos, nos que as resonancias de Otero Pedrayo e Valle Inclán se transforman en esmaltes que enriquecen a súa literatura e agasallan ó lector.

Xa nas décadas dos setenta e dos oitenta lograra diversos premios (Abrente, O Facho e Ciudad de Valladolid), como aconteceu con outros integrantes do Grupo Abrente, o recoñecemento artístico de Vidal Bolaño non se produciu até os anos noventa, cando a obtención de premios institucionais, galegos e portugueses normalizou tanto a publicación das súas obras como o seu coñecemento por parte da prensa e, en consecuencia, do público.

A súa forte personalidade deixou unha profunda pegada nos dramaturgos máis novos, cuxas consecuencias se verán co transcorrer do tempo. A figura e a obra de Roberto Vidal Bolaño foron fundamentais na construción dun teatro nacional galego. Nada do seu teatro se entendería sen o seu amor polo cine, pois destacou, coma autor, director, escenógrafo e iluminador.

Lara Manzanedo Matilla 2º BAC C

Memoria Centenaria

1º PREMIO BACHARELATO CONCURSO DE RELATO

Nacín hai moito, pode que uns cen anos, ou quizais máis, é difícil sabelo cando non tes nada para calcular o tempo, tan só o astro rei e a súa sombra tenebrosa no ceo. Pero aínda que vivín máis de dez mil días coas súas noites, acórdome dalgúns con tanta claridade que ata me parece que está a ocorrer neste intre, pero o po do camiño borra as imaxes que crea a miña mente. De tódolos xeitos podo contarvos algúns deses momentos que a miña memoria garda con agarimo e me son imposibles de esquecer, por moito que o intente.

Pero, Quen son? Se hei de ser sincero nin eu o sei. Ninguén me chamou por un nome, ninguén quixo bendicirrme nin castigarme cun, e pode que así sexa mellor, un nome é un pesado lastre. Pero sei que son, son un olmo, unha árbore centenaria esquecida no medio dun camiño de terra seca e matogueiras con espiñas. Non son tan bonito como me gustaría, as miñas follas son imperfectas e comidas polos insectos do verán, as miñas pólas caprichosas entrelázanse para facer un estraño debuxo, e o meu madeiro é áspero e con pequerrechas pingas de saiva pegañenta. Non vexo a ninguén máis coma min preto, só po, arbustos crocantes e campos da mesma cor que o sol, pero ningunha outra árbore. Estou á beira dun sendeiro, sen lastras nin nada polo estilo, simplemente un pouco de herba aos laterais que marca por onde debes ir. Diante de min hai unha fonte xa seca e cuberta dunha fina capa de mofo, que no pasado me facía compaña co seu son envolvente. Non hai moito máis, de cando en vez pasa algún paxaro perdido pero pronto me deixa.

Agora ninguén pasa pola miña beira. Hai anos acostumaban pasar os campesiños e as avoas sorrintes acompañadas dos seus netos que xogaban e bebían na fonte que entón botaba unha auga cristalina. Pero aínda que esas soían ser as persoas que máis acostumaban visitarme, non son as que mellor recordo, todo o contrario, as súas imaxes son vagas e inexactas. Pero si acordo dalgunhas historias que quedaron gravadas en min.

Unha foi hai moito tempo, non sabería colocala na historia da humanidade, pero recórdoa perfectamente. Era unha mañá clara e sen nubes, e as miñas follas

resplandecían baixo un sol que me acariñaba coa súa calor. Apareceron cunha agradable brisa unha parella de nenos, ambos os dous de non máis de oito anos, pode que o neno tivese nove. Pasaron máis de dúas horas xogando coa auga e manchando a súa roupa algo rotas con manchas de graxa cor terra e cinza. Todo o anaco que estiveron alí observeinos en silencio e tranquilo, divertíndome cos seus xogos e os seus risos. Finalmente cansos decidiron protexerse baixo as miñas ramas que proxectaban unhas sombras uniformes nos seus rostros redondos, pero encontraron algo no que nin eu mesmo me fixara. Era un pequeno paxariño, pardal, se mal non recordo, que se encontraba milagrosamente a salvo sobre un montón de herba mentres piaba de xeito débil. Entón fixeime que entre unha das miñas numerosas polas se encontraba un niño, sempre me estraña non o ter visto antes. Ambos os dous nenos intentaron unha e outra vez subir polas miñas polas para depositalo no seu lugar, pero por desgraza eu son alto e non foron capaces. A noite caía ao igual que as bágoas da nena ao sentirse incapaz de salvar aquel animal. Finalmente o neno colleuna da man e dixo que entre ambos os dous o coidarían. A nena sorriu emocionada e xuraron baixo as miñas polas que estarían sempre xuntos, fíxome moita ilusión compartir ese momento. Ámbolos dous fóronse antes de que o sol alaranxado se ocultase tralo horizonte uniforme e nunca os volvín ver, é unha pena. Ben, un par de anos despois apareceu por alí unha rapaza igual de guapa que a nena pero máis alta e as faccións máis afiadas. Veu soa, mírome un anaco e marchou en silencio. Realmente espero que non fose a nena aquela, non sei por que. Os anos transcorreron, e apenas un centenar de persoas pasaron por diante miña, e menos foron as que se pararon a facerme compaña. Non os culpo, alí a calor era bastante desagradable, aínda que cando non te podes mover só queda afacerte.

Isto realmente non me agrada nada, é un recordo que me persegue como un mal pesadelo, ou como as sombras das miñas ramas no verán. Foi o único momento da miña vida que desexei realmente irme de alí, poder levantarme e marchar como os paxaros que emigraban cara o sur. Tampouco sabería dicir en que ano foi, o único que recordo de entón é que o meu camiño estaba máis transitado que de costume por aldeáns con eses tubos de metal e que botan fogo, lume e fume. Nunca me gustaron esas cousas, aínda que non saiba moi ben para que serven. Era case inverno, os paxaros xa desapareceran abandonando o niño, e empezou a haber xeadas ás beiras dos camiños. Vin unha parella e pensei nun primeiro momento que podían ser os nenos de antano, pero pronto me dei de conta de que me equivocara. Era unha

muller nova, dubido que pasase dos vinte, de pel suave e ben vestida, pelo castaño como a miña codia e ollos verdes como as follas. Se puidese teríame namorado dela. Pero ía do brazo cun home, tamén elegante e de costas rectas, pelo escuro como a noite e ollos castaños como a terra seca, todo un cabaleiro. Pasaron o día baixo as miñas pólas, facendo cumpridos de forma educada e discreta. Era encantador ver como as meixelas da rapaza se tinguían levemente de vermello ante as palabras do cabaleiro. Foi agradable volver ter compaña tras tantos anos de soidade. Sentíame como un ancián no salón da súa casa, escoitando pero en silencio, como un espía profesional. E aquela non foi a única vez que me visitaron; durante máis dun mes facían pequenas excursións para poñerse aos meus pés, aínda que creo que viñan máis pola falta de miradas indiscretas do lugar que por min. Dos "piropos" pasaron ás caricias e de aí aos bicos. Sería a historia perfecta de amor, pero o perfecto non existe. Unha tarde na que as nubes eran as principais no firmamento, ámbolos dous se reuníron e falaron dos seus problemas. Os pais da moza non querían aprobar ese matrimonio, e non terían reparo en separalos para sempre. O home, cabaleiroso como un conde do século XV, xurou que ese amor perduraría. Planearon a súa fuxida, máis alá de onde os pais dela poderían ir, máis alá de onde os farois puidesen iluminalos, máis alá de onde eu podería velos. Depriminme un pouco. Aquela mesma noite ámbolos dous quedaron baixo as miñas ramas como era costume, cando o inimigo do astro rei estivese no máis alto. Só apareceu a rapaza, soa e tremendo de frío, a pesar das súas grosas capas de roupa. Levaba unha maleta e varias xoias preciosas decorando o seu pálido pescozo, seguro que era unha herdanza familiar. Sentouse enriba da herba amarelenta e mollada, esperando o seu amante entre a néboa que había. A moza

Ilustración: Jorge Mosquera

agardou aínda por el dúas horas entre aquela escuridade, pero finalmente apareceu, levando tamén el unha maleta. Encantaríame dicir que correu cara a el e o abrazou, que se bicaron e se foron xuntos polo camiño de terra, pero iso nin se acerca ó que ocorreu. Saltarei esta parte do relato, pois é bastante desagradable e innecesaria. A dor non é algo necesario de recordar. Ao día seguinte un frío sol non puido quentar o corpo da moza inerte baixo o meu madeiro. O seu laborioso vestido azul manchárase da cor carmesí do sangue derramado do seu pescozo nu. Xa non quedaba rastro daquel horrible ser, só unha figura inerte á cal lle faltaban as xoias e todo o que tivera valioso, especialmente a vida. Se eu puidese tería corrido, teríaa abrazado, tería derramado bágoas e berrado, e non tería deixado escapar aquel ser entre a néboa. Tardaron dous días en encontrar o corpo, dous días chuviosos nos cales intentei tapar o corpo como puiden coas miñas pólas para que non rompese a súa beleza máis, pero pouco puiden facer. E neses horribles días, cando non puiden facer nada máis que observar como o sangue da moza tinguiu a terra, sen desexalo nin sequera, bebín daquel líquido símbolo da morte. Foi entón cando empecei a morrer lentamente, cando ela me regou co seu sangue. Quixen que a enterrasen ao meu lado e poder protexela na morte como non puiden facelo en vida, pero nunca máis a volvín ver. Dende entón non volvín ser o mesmo, as miñas raíces deixaron de medrar e as miñas follas empezaban a apodrecer lentamente. Case ninguén volveu por aquí, só un par de anciáns que murmuraban polo baixo sinalándome, ou máis ben a onde morrera a moza.

Xa estaba case morto, a miña codia empezaba a secarse e as formigas utilizábanme como fogar. Pero entón apareceu un coche, un moderno, un 600 creo que era. Eu había tempo que perdera o interese polo meu redor, só esperaba morrer o máis rápido que puidese, pero eles cambiaron a miña opinión. O rapaz era case igual ao cabaleiro aquel, pelo negro, pel pálida e ollos cor mel de maio. A rapaza parecíase á nena de hai tantos anos, loura e risoña, sempre cun sorriso na boca. Máis atrevidos que a anterior parella, non dubidaban en bicarse mentres o sol os bañaba cunha luz quente. Xogaron igual que os nenos e amáronse igual que a parella. Por unha tarde recordei aquela sensación que perdera hai anos, a da tranquilidade. Esquecín a dor, e aínda que as miñas follas e raíces xa estivesen murchas, sentíame ben. Antes de irse, o rapaz quixo deixar a súa pegada naquel lugar. Na parte máis alta que puido tallou as súas iniciais, “F e M”, e aínda que a miña codia era seca e agretada, escribiuno con tal perfección que parecía feito polo mellor dos artesáns.

Estrañamente non me molesta que fixese iso, a marca quedou gravada no meu corpo ata a fin da miña vida. En certo modo fíxome compaña e cada vez que a miña mente se anubraba de pesimismo miraba esas iniciais e encontrábame mellor.

Sobrevivín a tormentas, a temporais e a un incendio no que puiden notar a calor nas follas, pero igualmente morría. Chegaron uns señores ben vestidos e elegantes, e empezaron a sinalar toda a chaira. Aos poucos días chegaron as máquinas pesadas, e quitaron terra, silvas e todo aquilo que puideron, menos a min. Trocaron a terra seca por unha herba verde artificial, o sendeiro por lastras cor amarelo clara, os arbustos por flores preciosas que nunca vira, e a miña soidade pola compaña dunha árbore fermosa. Ao meu lado, unha árbore das que á xente lle encanta, de follas completamente verdes e flores rosas que caían delicadamente sobre o novo chan. Era unha árbore de cerdeira chea de vida e tan fermosa que o resto de arbores avergoñábanse de florecer ao seu lado. Entón decateime, mentres estaba ó lado desa árbore que ía substituírme, do singular que era o destino. Hai tempo, alí era eu o único que tiña vida, e agora en cambio eu era a morte. Moitas veces a cerdeira intentou falarme, pero eu non quixen dirixirlle a palabra, estaba canso e quería desaparecer o máis pronto posible. E chegou o día, cando unha póla podre me caeu sen remedio e decidiron que non debía estar máis alí. Cortáronme de forma rápida e precisa, agradecínllelo mentres as miñas últimas follas amarelentas caían. Só me deu pena porque a marca da parella que aínda seguía no meu torso ía desaparecer. Entón, cando me atopaba tirado sobre a herba morta, coas miñas follas caídas ó redor, mentres ían buscar un transporte para levar o meu corpo moribundo, a cerdeira miroume maxestosa pensando que a ela nunca lle pasaría. Nese instante ela, a vida, preguntoume "Morte, Por que a min me aman, mentres que a ti te odian? " ao que lle contestei “Porque ti es unha fermosa mentira. E eu unha dolorosa verdade"

1º PREMIO E.S.O. CONCURSO DE RELATO

O Pazo de Goiáns

Rebeca González Dieguez 1º ESO A

12 de xuño de 1981

Ola:

Vou facer un diario. Paréceme una parvada pero ben… Tampouco sei moito como facelo pero fareino, coma se fose o protagonista dun libro calquera. Narrarei a miña vida para gardar momentos memorables e podelos ler cando teña os meus fillos.

Atopábame na miña casa lendo una novela. Ese era o meu traballo, o de crítico. Xa teño 26 anos e só levo un exercendo este traballo pero son considerado por moita xente un prestixioso crítico. De repente, escoitei o meu teléfono soar, coa típica canción de Movistar. Collino e contestei.

-Ola?

-Ola! Son de aquí, dunha pequeña aldea, dixéronme que eras investigador e dedicas o teu tempo libre á música. É verdade? – preguntome una voz descoñecida para min.

- Un pouco, por que?- respondín algo estrañado, ninguén me coñecía por aquel oficio no que probara sorte na miña mocidade.

-A ver!- dixo anoxado - Es Anxo o de Sada, A Coruña?

- Si, son. Que queres?

-Que veñas investigar ao Pazo de Goiáns… - De súpeto, escoitouse como o descoñecido/a colgaba o teléfono.

-Moi ben, quere que investigue, e nin me di onde vive nin onde é o Pazo de

Goiáns- rosmei.

13 de xuño de 1981

Ola:

Hoxe pasaban as horas moi lentas e cada vez tiña máis curiosidade. Así que decidín mirar na internet e encontreino, atopábase no Concello de Boiro. Decidín marchar. Collín o coche e encamiñeime cara aló.

Xa teño unha habitación nun hostal. Boiro é unha vila costeira moi bonita. A maior parte dela está cuberta de herba. E se queres bañarte na praia non creo que haxa problema porque cando cheguei ía unha calor de mil demos e só había 10 nenos bañándose. Paro de escribir que quero durmir.

14 de xuño de 1981

Ola:

Hoxe espertei con ganas de interrogar os veciños do pobo, sobre todo aqueles que viven cerca do pazo.

-Ola?- saudei a unha muller que estaba a sachar unha leira.

- Que queres? –preguntoume cun ton moi brusco.

- Ocorren cousas estrañas no Pazo de Goiáns? - Preguntei disposto a ir ao gran.

- Non me fales dese sitio, din que está enmeighado- dixo a muller con gheada e seseo – Vaites! Non fales comigo!- A muller foi correndo para a casa e pechou a porta.

- Empezámosche ben! - Murmurei moi enfadado.

Collín o meu maletín e saquei unha frauta traveseira. Púxenme a tocar. Cando acabei de tocar a canción encontreime rodeado de, polo menos, unha vintena de persoas.

-Que fas tocando cancións satánicas diante da igrexa?- dixo unha muller.

- Ai meu deeeus!- Unha muller desmaiouse.

- Primeiro non é unha canción, é unha obra; segundo non é unha obra satánica, é unha obra de Mozart- dixen.

- Ai meu Deeeus!- a muller que se recuperara do desmaio, desmaiouse de novo.
- Ten relación co diaño! - gritou un home.

- Se está visto que a xente de aquí non é moi normal -dixen moi baixiño. De súpeto notei un forte golpe na caluga.

15 de xuño de 1981

Ola:

Cando espertei xa saíra o sol e estaba dentro do recinto do Pazo de Goiáns. Mirei o reloxo, eran as 10.30h.

Que ben que xa estou dentro. Fun camiñando por alí e vin que ao outro lado do muro estaban uns veciños e o cura.

- Que faremos con el? –dixo un.

- Non vedes que é tolo? –dixo outro.

- Se vós o dicides...

-Hay que hacerle un exorcismo- dixo o cura en castelán.

- Aí vai o fino que fala en castelán, non poderá falar en galego coma toda a aldea?- rosmei.

- Si, si, si!! Eh... Creo que escoitei unha voz- dixeron uns cantos.

- Será Dios Todopoderoso , que quiere que lo mateis – dixo o cura outra vez en castelán.

- Pero mira que me vai caer mal este cura! –rosmei.

Esperei un minuto e ocorréuseme unha idea.

-Son Deus!! – Dixen con voz de ultratumba dende detrás do muro sen que me puideran ver.

- Como va a ser Dios! – dixo o cura.

Os veciños mirárono con cara de poucos amigos.

-Que quere que fagamos? – dixo un neno.

- Que tratedes ben o estranxeiro, é un enviado meu que ven desfeitizar o Pazo de Goiáns – gritei con voz moi grave. Logo pensei: danme pena, están crendo todo.

- Ai, meu Deeeus!- dixo a mesma muller de sempre, despois desmaiouse.

- Cala, Lucía!- dixo un home.

A cara de Lucía non se me vai a esquencer na vida, debía ser a máis normal da vila, e iso xa era dicir.

- E tal como predixo a Meiga!- gritou un. Despois fíxose o silencio.

- Ooooolaaaa! - Dixo unha voz detrás miña.

- Ai, ai... Lucía? – Dixen eu.

- Tamén coñecida como a meiga. Ao seu servicio- Díxome e inclinouse.

-Pe.. Pero...- Dixen eu.

- Xa... É unha longa historia, hai unha magnífica biblioteca no pazo e como neste pobo lles gusta queimar os libros, dixen que estaba maldito o pazo para poder lelos- Despois añadiu- Nos libros hai moita sabedoría, pero neles non aprendín a ler os pensamentos dos demais, xa nacín meiga, creo. Ah, e non pensaría moitas cousas se fose ti. Grazas por pensar que son guapa.

Eu xa non sabía que pensar, tiña ao lado unha meiga. Tiña os cabelos castaños escuros e rizados con reflexos dourados. Os seus ollos eran dun azul arrepiante. Mirábalos e pensabas no mar e logo no xeo. Os seus beizos eran dun vermello cálido pero intenso, eran tan vermellos coma unha cereixa. Era alta e delgada, era... era...

-Si xa sei o que estás escribindo...- dixo Lucía

- Podes parar de ler os meus pensamentos!- dixen anoxado.

- Ben, xa falaremos... Voume...- dixo.

-Pe... Pero... Onde vou durmir? – preguntei atemorizado.

- Non me sexas mixiricas- dixo. Colleume da man e deixeime levar. Cando chegamos señaloume un montículo.

-Aí?- preguntei- Como vou durmir nunha cama cunha manta de palla.

- É a miña cama- dixo decepcionada: Toma- sacou a bufanda que tiña e ofreceuma.

- Pero como me vou tapar con iso? – dixen.

Ilustración: Faouzi Mohamadi

- É unha bufanda particular- Desdobrouna e converteuse nunha manta. Despois engadiu- Non, non teño calor, é o meu problema, cando hai demasiada xente leo todos os pesamentos á vez e empezo a arrefriar, por iso desmaio con facilidade.

- Ah! - dixen eu.

- Que non che dea mágoa. E tranquilo, normalmente non durmo -De repente desapareceu.

16 de xuño de 1981

Ola:

Non deixo de pensar e Lucía, volverá? Era tan bela...

-Que fas pensando en min?- Dixo de súpeto Lucía.

- De.. de...- dixen.

- Do aire, as bruxas podemos converternos en morcegos - dixo.

- Podes falar?- dixo Lucía.

-Es ti a única bruxa? –dixen.

Empezou a chorar.Fixeime nos ollos, e deume un calafrío. Os seus ollos case estaban completamente azuis. Ía vestida cun vestido branco. Fun cara a ela e abraceina. De súpeto, un destello de luz fixo que Lucía apartara.

-Ai, meu Deus!- dixo.

- Que pasa?- pregunteille e desmaiouse.

-Iso non debe ser un bo sinal- pensei.

Collina no colo e aventureime dentro do Pazo de Goiáns. Cerrei a porta e fun ó máis alto. Alí estaba a biblioteca. Vin un libro fóra do sitio e estrañoume. Mirei. Só tiña dez páxinas. Lino, e descubrín que eu era o único que podía volver normal á xente de Boiro. En teoría estaban enfeitizados polos cantos dunha serea. Para acabar con aquela loucura debería de tocarlle unha peza á serea á perfección, se non o facía á perfección, podería morrer.

-Non... o fagas...- dixo Lucía.

Mireina, era o meu deber sacrificarme polo pobo. Deixeina no chan. Bisbou algo e acerqueime.

-Creo que te quero- dixo Lucía.

Biqueina e vertemos algunas lágrimas. Despois marchei.

Cerrei a porta do pazo e fun ata o embarcadoiro coa miña frauta traveseira. Alí estaba, e empecei a tocar. Tocaba notas e notas daquela obra que arrincara do libro. Pensei en Lucía e seguín tocando. Escoitei pasos moi preto de mín, faltábame pouco e acabaría.

-Simple mortal, cres que poderás acabar conmigo- Dixo a serea.

Acabei de tocar e a serea tapou os oídos. Despois sorriu.

-Serás inútil! - dixo. De súpeto, botouse enriba de mín.

-Noon!- gritou Lucía. Ao instante, botou unha frecha. A serea intentou falar e non puido, quedou muda para sempre.

- Anxo?- dixo Lucía.

- Que queres?- dixen

Limpeille unha lágrima.

-Tranquila, non pasa nada, era o meu... deber...- dixen e nos miramos.

- Olvidémonos de todo o ocorrido, ven comigo facer unha nova vida- dixen.

-Vale...- Collémonos da man.

Collín a Lucía e leveina en brazos, estaba demasiado cansa. Púxena nos asentos traseiros e durmimos no coche.

17 de xuño de 1981

Ola:

Xa estou de novo na miña casa, coma sempre, só que comigo tamén se encontra Lucía.

-Que queres?- De súpeto vexo un morcego no teito que baixa e se converte en Lucía.

- Esta é a última vez que os podo utilizar. Renunciei a eles para poder estar contigo.Fíxeno porque te quero - Lucía acercóuseme.

Vou parar de escribir este diario, quero disfrutar a miña vida ao máximo coa música e... con Lucía.

Concurso Cartel Letras Galegas Bacharelato

1º PREMIO

Lara Manzaneda Matilla 2º Bach. B

Accesit
"III European Competition of Bookmarks"

A obra de Roberto Vidal Bolaño está marcada pola estética da derrota e a crítica da modernidade. Tal vez influído por Ramón Otero Pedrayo, defende unha certa recuperación do popular. Cultivou igualmente, como Otero, o teatro histórico, arredor da figura de Rosalía de Castro, obras que constitúen verdadeiros ensaios sobre a vida e obra da poeta galega máis universal. Porén, unha das súas maiores influencias foi o teatro de Ramón María d Inclán, a quen menciona varias veces ao longo da súa obra.

Marcos Moares Costa 1º BACH

Concurso Debuxo
A fala do galego na túa vila

1º PREMIO

Ivan Piñeiro Hermo 1º ESO A

2º PREMIO

Alba Sieira Bretal 1º ESO

Rebeca Gonzalez Dieguez 1º ESO A

Julia Martínez Tomé 3º ESO A
Mª Camila Rodríguez Soto 3º ESO A

Comenius

Os alumnos de 3º da ESO están levando a cabo o proxecto Comenius dende principios de curso. Neste proxecto participan oito países da da UE (Bulgaria, Dinamarca, Holanda, Italia, Lituania, Polonia, Turquía e España) , entre os que se realizan intercambios de rapaces, mestres e traballos. O título desde é Comenius 2012-2014 (The Teenager Investment Fund-How To Take Care Of Future), en galego 'Comenius 2012-2014 (O fondo de inversión dos adolescentes- como coidar o noso futuro.' O pasado meus de febreiro, os alumnos españois recibiron nas súas casas a compañeiros .Tanto os alumnos locais coma os visitantes e os profesores que os acompañaban acudiron durante esa semana a lugares de interese turístico e cultural da rexión como A Curota, os Castros de Neixón ou Santiago de Compostela.

Os alumnos polacos foron os primeiros en chegar a Galicia, a noite do 3 de maio, e a tarde do luns 4, con xa todos os participantes do Comenius en Boiro, celebrouse un festival na Cachada, no que alumnos de diferentes cursos interviñeron, demostrando o talento que se posúe no Barbanza.

O martes pola mañá os alumnos de todos os países acudiron a clase, onde impartiron leccións en inglés profesores de diferentes lugares, e despois acudiron á Casa do Concello, onde tiveron unha recepción co alcalde. Esa mesma tarde, foron á Curota e aos Castros de Baroña.

O mércores realizouse unha excursión a Santiago de Compostela, onde visitaron a Catedral e o Centro Superior de Hostalería, como parte desa investigación sobre o futuro.

O xoves ás 5 da mañá marcharon os alumnos daneses, e ao longo dese día, os holandeses e lituanos, quedando ata o venres os polacos.

Grazas a este proxecto os alumnos puideron coñecer diferentes culturas, diferentes formas de ver o mundo, practicar o inglés e, sobre todo, crear amizades que poden superar os miles de quilómetros que os separan.

Club de lectura da biblioteca

Lecturas recomendadas 1º e 2º da ESO

Rodrigo Carreño Muñiz 1º ESO A

TÍTULO: Kafka e a boneca viaxeira

AUTOR: Jordi Sierra i Fabra

EDITORIAL: Galaxia

LINGUA: Galego

Este libro trata sobre a amizade entre un señor e una nena. Un famoso escritor, Franz Kafka e o protagonista desta historia. O libro trata sobre un maior que escribe cartas a unha rapaza.

Este libro gustoume moito, porque hoxe en día non se ven estas cousas. O libro é moi bonito e interesante, cheo de emocións ocultas que hai que descubrir.

Recomendo esta lectura para pasar un intre agradable lendo, e sobre todo se che gustan os libros que tratan sobre a amizade e os libros cheos de emocións para descubrir. Este libro contaxia e esperta a emoción e paixón pola lectura.

Club de lectura da biblioteca
Lecturas recomendadas 1º e 2º da ESO

TÍTULO: O principiño

AUTOR: Antoine de Saint-Exupery

EDITORIAL: Galaxia

LINGUA: Galego

É un libro moi especial.

É un dos meus preferidos, aínda que sexa un pouco difícil ver a mensaxe que agocha.

Moitos adultos pensan que non é un libro para nenos, pero eu penso que si, xa que, se pode ver coma un simple conto entretido ou ir máis ala é ver o que se agocha nas súas palabras.

Recomendo lelo a todo o mundo, tanto a nenos coma a adultos, uns verán só palabras e outros mirarán no máis profundo da súa alma. É un bo libro de verán.

Club da lectura da biblioteca

Lecturas recomendadas 3º e 4º da ESO

Diego Silva Muñiz 4º ESO A



TÍTULO: Nubes de evolución

AUTOR: Andrea Maceiras

EDITORIAL: Xerais

LINGUA: Galego

Este libro trata de como unha moza chamada Amanda ten a mala sorte de ter unha filla con 19 anos e ter que deixar os estudos para coidala. A medida que a historia avanza, ela vai superando os seus problemas. A ela, únense uns atípicos amigos que coñeceu grazas ao seu traballo na fría estación. Apoiándose un no outro, conseguerón chegar ata o punto de decidirse a poñer fin cos seus problemas, ata que o conseguerón. En todo o libro está presente a famosa canción dos Rolling Stones, "Angie".

Este libro recoméndollo á maioría da xente, xa que é un libro para todos os públicos. É un libro que te engancha, sobre todo pola acertada forma de relatar a historia a escritora, cos tres puntos de vista dun mesmo suceso. Para min, un dos mellores libros que lin recentemente e coido que todos deberíamos lelo.

Club de lectura da biblioteca

Lecturas recomendadas 3º e 4º da ESO

Samuel Silva Muñiz 4º ESO A

TÍTULO: O corazón de Xúpiter

AUTOR: Ledicia Costas

EDITORIAL: Xerais

LINGUA: Galego

Este libro trata de como una rapaza chamada Isla, se traslada a Rexión e alí coñece a Mar, a que será a súa mellor amiga. Tamén coñece a xente que lle fará a vida imposible, como Carballo, os amigos deste e a súa irmá. A Isla gústalle a Astronomía, e un día nun foro, no que estaba rexistrada co nome de Casiopea, coñece a unha persoa chamada Xúpiter, do que se namorará nada máis empezar a falar con el polo chat. Por sucesivos acontecementos que teñen lugar arredor destes personaxes a súa vida estará a piques de cambiar para sempre.

Recoméndollo a xente á que lle gusten os libros que falen da adolescencia, e dos seus problemas, amoríos, ...

Club de lectura da biblioteca

Lecturas recomendadas 3º e 4º da ESO

Raúl Bonenfant Muñiz 4º ESO A

TÍTULO: O vixía no centeo

AUTOR: J. D. Salinger

EDITORIAL: Xerais

LINGUA: Galego

Holden Caufield é un adolescente cunha vida complicada e movida na que lle pasa de todo.Será expulsado do seu cuarto instituto por suspender moitas asinaturas. Decide voltar a Nova York para regresar a súa casa no Nadal onde pasará tres días e nos irá contando a súa historia(a súa relación coa familia, os estudos, os amigos, o seu amor Jane...) Sente un amor moi especial pola suá irmá pequena Phoebe e tiña a necesidade de vela polo que vai á casa e consegue falar con ela.

Libro recomendable a todos os públicos porque calquera persoa se pode identificar co personaxe de Holden ou mesmo nos podemos ver na súa situación persoal.É interesante ver a forma que busca para resolver os seus problemas.

Club de lectura da biblioteca

Lecturas recomendadas Bacharelato

Anabel Calo Rodríguez 1º Bach. C

TÍTULO: A cea

AUTOR: Herman Koch

EDITORIAL: Galaxia

LINGUA: Galego

A cea de Herman Koch é una novela moi interesante cunha crítica cara a sociedade na que pesan mais os intereses persoais ca o benestar dos demais. Nesta obra inténtase poñer limites ó amor dos pais e ata onde estaría un disposto a chegar para defender ou protexer aquilo que mais quere.

Pareceume un libro moi interesante que mestura intriga e drama a partes iguais, cun final inesperado e replantea certas cuestións morais e éticas.

Club de lectura da biblioteca

Lecturas recomendadas Bacharelato

Maitane Dacosta Urbieta 1º Bach. C

TÍTULO: Os fillos do mar

AUTOR: Pedro Feijoo

EDITORIAL: Xerais

LINGUA: Galego

"Os fillos do mar" é unha novela de misterio ambientada en Galicia que engancha dende o primeiro momento. A trama está moi ben fiada, chea de sorpresas e enigmas que fan que sexa case imposible de deixar de lelo. Xogando coa lenda do ouro de Rande o autor consegue un libro realista, entretido e que se presta a ser relido e recomendado.



I.E.S. Praia Barraña